



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 27/12/2016 14:29:37

SAÍDA 16073 / RX 1877863



San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



galicia

JCL

CONCELLO DA CAÑIZA
Rúa Oriente, núm. 11
36880 A Cañiza (Pontevedra)

NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 23 DE DECEMBRO DE 2016 DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO DE AUTORIZACIÓN PARA A XESTIÓN DE ALMACENAMENTO DE RESIDUOS PERIGOSOS E NON PERIGOSOS E INSCRICIÓN NO REXISTRO XERAL DE PRODUTORES E XESTORES DE RESIDUOS DE GALICIA DO CONCELLO DE A CAÑIZA PARA O PUNTO LIMPO.

Expedientes núm.: 2015-SC-I-00596 e 2015-SC-I-00597

De conformidade co artigo 40 e concordantes da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, notifícolle que con data de hoxe a directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático ditou a seguinte resolución:

En relación coa solicitude de autorización para a xestión de residuos perigosos e non perigosos en punto limpo, presentada polo **Concello de A Cañiza** (NIF:P3600900I), con domicilio social na Rúa Oriente, núm. 11, 36880 A Cañiza (Pontevedra), a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES:

Primeiro.- O 25 de novembro de 2014 entrou no rexistro desta consellería o escrito do Concello de A Cañiza solicitando autorización para a xestión de residuos no punto limpo.

Segundo.- Informe favorable das inspeccións realizadas o 21 de marzo de 2016 e 13 de abril de 2016 polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental.

Terceiro.- De conformidade co disposto no *Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia*, no expediente consta:

- O aboamento da correspondente taxa administrativa.
- O proxecto de explotación do punto limpo para a xestión dos residuos solicitados.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- I. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático é competente para resolver este procedemento de conformidade co establecido no *Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio* e no *Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia*.

- II. A *Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados*, somete ao réxime de autorización ás instalacións onde se vaian realizar operacións de tratamento de residuos e ás persoas físicas ou xurídicas que vaian levar a cabo as ditas operacións.

Así mesmo se prevé que naqueles casos nos que a persoa física ou xurídica que solicite a autorización para realizar unha ou varias operacións de tratamento de residuos sexa titular da instalación de tratamento onde vaian a desenvolverse as ditas operacións, o órgano ambiental da comunidade autónoma onde estea situada a instalación concederá unha sola autorización que comprenda a da instalación e a das operacións de tratamento.

- III. O *Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos*, establece condicións xerais e específicas para a produción e xestión de residuos perigosos.
- IV. *Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos*.
- V. O *Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos*, establece as medidas para mellorar o rendemento ambiental das pilas, acumuladores e baterías e as actividades de todos os operadores involucrados no seu ciclo de vida.
- VI. O *Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición*, que establece o réxime xurídico da produción e xestión de residuos da construción e demolición.
- VII. *Real Decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados*.
- VIII. O *Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia*, regulamenta o réxime da autorización administrativa da actividade que se vai levar a cabo.

RESOLVE:

Primeiro.- Autorizar como **xestor de almacenamento de residuos perigosos e non perigosos** ao Concello de A Cañiza (NIF: P3600900I), con domicilio social na Rúa Oriente, núm. 11, 36880 A Cañiza (Pontevedra), inscribíndoo no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia cos números **SC-RP-P-XA-00099** e **SC-I-NP-XA-00134**, incluíndo na súa actividade de xestión os seguintes residuos solicitados:



Tipo de operación de valorización de residuos (anexo II da Lei 22/2011, do 28 de xullo):	R13 - Acumulación de residuos para sometelos a calquera das operacións enumeradas de R1 a R12 (con exclusión do almacenamento temporal previo á recollida no lugar da produción).
Actividade de xestión:	Punto limpo.
Descrición do proceso:	Almacenamento dos residuos entregados polos veciños do Concello de A Cañiza
Capacidade máxima de almacenamento RP	40,00 t/ano
Capacidade máxima puntual RP	2,50 t
Capacidade máxima de almacenamento RNP	1139,00 t/ano
Capacidade máxima puntual RNP	127,50 t
Capacidade normal de almacenamento	174,20 t/ano
Superficie en m² almacenamento RAEE	38 m ²

Actividade autorizada (inscrición núm. SC-RP-P-XA-00099, e SC-I-NP-XA-00134, para residuos perigosos e non perigosos)

LER	Descrición
130205*	Aceites minerais non clorados de motor, de transmisión mecánica e lubricantes (residuos de aceites de motor, de transmisión mecánica e lubricantes)
150110*	Envases que conteñen restos de substancias perigosas ou están contaminados por elas (envases (incluídos os residuos de envases da recollida selectiva municipal))
200121*	Tubos fluorescentes e outros residuos que conteñen mercurio (fraccións recollidas selectivamente (excepto as especificadas no subcapítulo 15&01**))
200123*	Equipamentos fóra de uso que conteñen clorofluorocarbonos (fraccións recollidas selectivamente (excepto as especificadas no subcapítulo 1501))
200133*	Baterías e acumuladores especificados nos códigos 160601*, 160602* ou 160603* e baterías e acumuladores sen clasificar que conteñen esas baterías (fraccións recollidas selectivamente (excepto as especificadas no subcapítulo 15&01**))

Residuos perigosos xestionados no punto limpo (inscrición núm.: SC-RP-P-XA-00099)

LER	Descrición
020103	Residuos de tecidos de vexetais (residuos da agricultura, horticultura, acuicultura, silvicultura, caza e pesca)
020104	Residuos de plásticos (excepto embalaxes) (residuos da agricultura, horticultura, acuicultura, silvicultura, caza e pesca)
170904	Residuos mesturados de construción e demolición distintos dos especificados nos códigos 170901*, 170902* e 170903* (outros residuos de construción e demolición)
200101	Papel e cartón (fraccións recollidas selectivamente (excepto as especificadas no subcapítulo 15&01**))
200102	Vidro (fraccións recollidas selectivamente (excepto as especificadas no subcapítulo 15&01**))
200110	Roupa (fraccións recollidas selectivamente (excepto as especificadas no subcapítulo 15&01**))
200136	Equipos eléctricos e electrónicos fóra de uso distintos dos especificados nos códigos 200121*, 200123* e 200135* (fraccións recollidas selectivamente (excepto as especificadas no subcapítulo 15&01**))
200138	Madeira distinta da especificada no código 200137* (fraccións recollidas selectivamente (excepto as especificadas no subcapítulo 15&01**))

LER	Descrición
200140	Metais (fraccións recollidas selectivamente (excepto as especificadas no subcapítulo 15&01 (**)))
200307	Residuos voluminosos (outros residuos municipais)

Residuos non perigosos xestionados no punto limpo (inscrición núm. SC-I-NP-XA-00134).

Segundo.- Autorizar a instalación que se indica para realizar a xestión de almacenamento de residuos de punto limpo:

NIMA	Denominación	Coordenadas UTM (Huso: 29; Datum: ETRS89)		Enderezo
3600021999	Punto Limpo de A CAÑIZA	X 561829	Y 4674797	Polígono Industrial de RIBADIL, 36880 A Cañiza (Pontevedra)

Datos da instalación

Esta autorización outórgase sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas exhibibles polo ordenamento xurídico, e queda suxeita ao cumprimento das seguintes

CONDICIÓN:

Primeira.- Condicionantes xerais.

A empresa deberá cumprir en todo momento as prescricións que sobre residuos se establecen na normativa de aplicación para as actividades autorizadas, así como nas disposicións e instrucións que se diten nas Administracións do Estado e da Xunta de Galicia en materia de residuos.

Segunda.- Adaptación ao Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos

A instalación de punto limpo deberá estar adaptada ás especificacións do Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, polo que respecta á xestión de RAEE, contando elo con un período de carencia de cinco anos, dende a entrada en vigor do citado Real decreto, de conformidade co sinalado na disposición transitoria segunda. A adaptación da instalación deberá ser comunicada á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental antes do 22 de febreiro de 2020.

A instalación deberá cumprir con todos os requisitos previstos no anexo VIII.

Terceira.- Arquivo cronolóxico das actividades.

O titular deberá dispor dun arquivo onde se recollan por orde cronolóxica a cantidade, natureza, orixe, destino e método de tratamento dos residuos, segundo o establecido no artigo 40 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e no artigo 10 do Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos.

No caso dos residuos perigosos, será obrigatoria a utilización da plataforma GaIA de conformidade co previsto nos artigos 12 e 13 do Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, sobre trazabilidade de residuos.

No caso da xestión de residuos non perigosos e salvo no caso de que os residuos vaian destinados a vertedoiro, non é obrigatorio o uso desta plataforma, non obstante vostede pode voluntariamente utilizar esta plataforma e de este xeito poderá obter a memoria resumo anual, a que fai referencia o seguinte condicionante, dunha forma automática a través de esta plataforma cando esta funcionalidade estea dispoñible en futuras versións.

No caso dos residuos de aparatos eléctricos e electrónicos estarase ao disposto no anexo XI do Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro.

Cuarta.- Presentación das memorias anuais

O titular deberá presentar, segundo o modelo oficial, unha memoria resumo anual da información contida no arquivo cronolóxico, referida ao ano natural anterior, antes do 1 de marzo de cada ano, de conformidade co sinalado nos artigos 40 e 41 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Respecto á xestión dos residuos de aparatos eléctricos e electrónicos deberá mandarse outra memoria anual nos tres primeiros meses do ano seguinte coa información prevista nos anexos XI e XII do Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro. Unha vez que se atope en funcionamento a plataforma electrónica de RAEE esta memoria deberá ser remitida antes do 31 de xaneiro do ano seguinte.

Tendo en conta que se deberá presentar unha memoria específica para RAEE na memoria de xestión de residuos da instalación a que fai referencia o parágrafo primeiro deste condicionante soamente deberá incluírse o balance de masas respecto de ditos residuos RAEE.

Quinta.- Entrada en funcionamento da plataforma electrónica de RAEE

A identificación dos RAEE con etiquetas de lectura electrónica ou instrumentos similares nos termos do artigo 18, do citado Real decreto 110/2015, será obrigatoria no momento en que a plataforma electrónica estea en funcionamento e, en consecuencia, se garante a trazabilidade dos residuos.

Os RAEE das fraccións de recollida 1, 2 e 4 do anexo VIII serán adecuadamente identificados a través de etiquetas con lectura electrónica que garantan a súa rastrexabilidade. No caso dos RAEE pertencentes ás fraccións de recollida 3, 5 e 6 a identificación de lectura electrónica aplicarase do mesmo xeito que no caso anterior, ou a través do etiquetado de contedores ou sistemas de agrupación utilizados na recollida e transporte.

Sexta.- Xestión de residuos na planta

1. Entrada de RAEE

Esta autorización habilita á empresa para recibir e almacenar residuos de aparatos eléctricos e electrónicos clasificados co código combinado LER-RAEE 200121*-31* (Lámparas de descarga, non LED e fluorescentes), 200123*-11* (Aparatos con CFC, HCFC, HC, NH₃), 200135*-21* (Monitores e pantallas CRT), 200135*-22* (Monitores e pantallas: Non CRT, non LED), 200136-23 (Monitores e pantallas LED), 200136-42 (Grandes aparatos con dimensión exterior superior a 50 cm) e 200136-52 (Pequenos aparatos sin ningunha dimensión exterior superior a 50cm).

2. Prazo máximo de almacenamento de residuos perigosos

Os residuos peligrosos estarán almacenados como máximo seis meses, en supostos excepcionais, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, por causas debidamente xustificadas e sempre que se garantice a protección da saúde humana e o medio ambiente, poderá modificar este prazo. Esta ampliación deberá concederse previa solicitude e mediante resolución expresa.

Os prazos mencionados empezarán a computar desde que se inicie o depósito de residuos no lugar de almacenamento.

3. Prohibida a mestura de residuos

Todas as etapas da xestión de residuos, desde a súa recollida, transporte e almacenamento, deben facerse nunhas condicións seguras, sen mesturarse con outros fluxos de residuos (recollida separada) e que eviten manipulacións ou roturas que poidan liberar sustancias perigosas ao medio ambiente ou expoñer aos traballadores que están en contacto con cos residuos, durante o seu tratamento a sustancias perigosas.

Sétima- Xestión de residuos de saída.

A empresa só poderá enviar a vertedoiros as fraccións non valorizables, debendo entregar as fraccións reciclables a xestores autorizados para tratalas.

A xestión dos RAEE poderase organizar por fraccións de recollida, para realizar a xestión a través de xestores sen a intermediación da oficina de asignación prevista no artigo 56 do Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, ou a través desta oficina.

Cando a entidade local opte por organizar a xestión de todas ou algunhas das fraccións dos RAEE que recollan sen a intermediación da oficina de asignación informarán a esta da súa intención antes de que se inicie o ano natural. Esta decisión terá una duración mínima anual.

Os produtores poderán chegar a acordos coas EELL sobre os xestores que realizarán a recollida dende as instalacións, a preparación para a reutilización e o tratamento específico. Priorizarase a aplicación do principio de xerarquía na xestión dos residuos e o principio de proximidade na xestión

Oitava.-Desenvolvemento das actividades.

As autorizacións están condicionadas ao cumprimento das prescricións técnicas establecidas no proxecto e anexos que se presentaron xunto coa solicitude, así como a normativa de aplicación de cada fluxo de residuos.

Novena.-Modificacións das actividades.

Calquera modificación da actividade debe ser comunicada ante a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental cunha antelación de tres meses para que poida avaliarse se este cambio implica ou non unha modificación da autorización concedida.

O xestor deberá esperar un pronunciamento expreso por parte da Subdirección competente no que se comunicará se este cambio supón ou non unha modificación substancial da súa autorización. No caso de que se trate dunha modificación substancial, a modificación da autorización seguirá os trámites previstos na normativa aplicable.

Décima.- Vixencia das autorizacións.

Esta autorización terá unha vixencia de oito anos a contar desde a data en que foi outorgada e, salvo manifestación en contrario por parte do interesado, será renovada automaticamente por novos períodos consecutivos doutros oito anos.

Décimo primeira.- Consecuencias do incumprimento das autorizacións.

O incumprimento dos termos destas autorizacións ou da normativa de aplicación poderá dar lugar á incoación do expediente sancionador previsto na Lei 22/2011, do 28 de xullo.

Décimo segunda.- Causas de revogación das autorizacións.

As autorizacións poderán revogarse, logo da correspondente tramitación do procedemento con audiencia ao interesado, nos seguintes supostos:

- Renuncia dos interesados.
- Incumprimento das obrigas previstas no capítulo III do Decreto 174/2005, do 9 de xuño.
- Incumprimento dos requisitos que deron lugar ás autorizacións.
- Falla da comunicación das modificacións producidas respecto dos datos do Rexistro.
- Falsidade constatada nos datos facilitados á Administración.

- Como sanción accesoria no suposto da comisión de infraccións graves ou moi graves, segundo o artigo 47 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer no prazo dun mes recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de conformidade co establecido no artigo 121 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

A subdirectora xeral de Residuos



Verónica Tellado Barcia

The image shows a blue circular official stamp of the 'SUBDIRECCIÓN XERAL DE RESIDUOS' (General Directorate of Residues) under the 'DEPARTAMENTO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO' (Department of Environment and Territorial Planning). The stamp features the coat of arms of Galicia in the center. A blue ink signature is written over the stamp, and the name 'Verónica Tellado Barcia' is printed below it.

Anexo.

Datos identificativos da empresa:

Nome da empresa: **Concello de A Cañiza**

NIF: **P36009001**

Representante legal do concello: **Miguel Adolfo Domínguez Alfonso**

DNI: **76912081N**

Domicilio social: **Rúa Oriente, núm. 11, 36880 A Cañiza (Pontevedra)**

Tipo de actividade: **Xestor de almacenamento (punto limpo)**

Tipo de residuos: **Residuos perigosos e non perigosos**

Datos identificativos da instalación autorizada:

NIMA	Denominación	Coordenadas UTM		Enderezo
		(Huso: 29; Datum: ETRS89)		
3600021999	Punto Limpo de A CAÑIZA	X 561829	Y 4674797	Polígono Industrial de RIBADIL, 36880 A Cañiza (Pontevedra)

110/2065

RD. RAEEES

Anexo IX

Código JER-RAEE